

# Hábitat a Escala Humana

Seminario 2015



SESIÓN 2 - Venres, 24 de Abril de 2015 – 10:30h

## XESTIÓN SOCIAL DO HÁBITAT



MARTA FONSECA – COL·LECTIU PUNT 6 | 10:30h

"Vida cotiá e mobilidade"

Arquitecta pola Universidade Nacional de Medellín, Colombia. Dende 1991, colabora na redacción de proxectos arquitectónicos en Barcelona. É docente do curso "*La casa sin género*" no Máster "*Laboratorio de la Vivienda del siglo XXI*" da UPC - Universidade Politécnica de Cataluña e no curso "*Planificando ciudades con ojos de mujeres: urbanismo y género*" na Escola da Muller.

Dende 2005, traballa co *Col·lectiu Punt 6*, grupo multidisciplinar formado por Roser Casanovas, Adriana Ciocoletto, Zaida Muxí, Sara Ortíz e Blanca Gutiérrez, na implementación e aplicación da perspectiva de xénero no proxecto arquitectónico e urbano en diversos ámbitos: participación, formación, reivindicación e investigación.

+ Publicacións destacadas

*"Mujeres trabajando. Guía de reconocimiento urbano con perspectiva de género"*

Col·lectiu Punt 6. Ed. Comanegra. Barcelona 2014.

*"Espacios para la vida cotidiana. Auditoría de calidad urbana con perspectiva de género"*

Elaborada dentro de una tesis doctoral en la Escuela de Arquitectura de Barcelona –

UPC. Adriana Ciocoletto y Col·lectiu Punt 6. Ed. Comanegra. Barcelona 2014.

+ Información

[www.punt6.org](http://www.punt6.org)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA





**ANA GALLEGOS | 12:00h**

"Taller de arquitectura táctil; corpo e espazo"

Arquitecta especialista en urbanismo pola ETSAC en 2003 e con posgrados en "*Programa internacional de arquitectura*" da Escola TKK de Helsinki e "*Arquitectura efímera: arquitectura y artesanía*" da ETSAB. Actualmente imparte un obradoiro de arquitectura para grupos infantiles de altas capacidades intelectuais, iniciativa do Departamento de Psicoloxía evolutiva da Facultade de Ciencias da Educación da USC e se atopa elaborando unha tese doctoral sobre "*Fenomenoloxía e paisaxe*". Forma parte de grupo de investigación Persona-Ambiente do Departamento de Psicoloxía da Universidade de A Coruña.

+ Publicacións destacadas

*"A árbore na cidade: catálogo-proposta para protección do arbolado no casco histórico e proximidades. A Coruña"*

Pascuala Campos de Michelena, Soledad Bugallo Chouciño, Ana Gallego Palacios.

Concellaría de Rehabilitación Urbana e Vivenda. 2011

# HaEH

## Seminario 2015



**JOANA COVELO + IAGO VALVERDE | 16:30h**

"Se falara o monte"

Joana é arquitecta pola ETSAC en 2012, e complementou o seus estudos con becas en Palermo e Rio de Janeiro. En 2013 desenvolveu o seu primeiro proxecto en Vincios, "*Cartografías Sensibles*", e a finais de ese mesmo ano é becada para facer unha investigación na Universidade Roma Tre. Actualmente traballa no estudio Castroferro (Vigo).

Iago Valverde, estudante de arquitectura na ETSAC. Dende 2012 colabora activamente en [arquitecturadegalicia.eu](http://arquitecturadegalicia.eu), un proxecto de divulgación de arquitectura contemporánea e en 2013 forma parte do proxecto "*Cartografías Sensibles*".

+ Información

[www.vincios.org](http://www.vincios.org)

[www.arquitecturadegalicia.eu](http://www.arquitecturadegalicia.eu)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

